

*Resolución da Comisión designada no procedemento para que o profesorado do corpo, para extinguir, de profesorado técnico de formación profesional se integre no corpo de profesorado de ensino secundario (código de procedemento ED021A) pola que se aproba e publica a relación definitiva de persoas que se propoñen para a súa integración no corpo de profesorado de ensino secundario así como daquelas que se exclúen de xeito definitivo convocado mediante a Orde do 17 de xaneiro de 2023.*

Por Orde do 17 de xaneiro de 2023 realizouse unha nova convocatoria do procedemento para que o profesorado do corpo, a extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional se integre no corpo de profesorado de ensino secundario (código de procedemento ED021A) (DOG n.º 18, do 26 de xaneiro).

A citada orde ten por obxecto convocar un procedemento aberto que abrangue dende o 27 de xaneiro de 2023 ata o 19 de xaneiro de 2026 para que o profesorado funcionario de carreira do corpo, a extinguir, de profesorado técnicos de formación profesional, que reúna os requisitos e cumpra as condicións establecidas na citada orde, poida integrarse no corpo de profesorado de ensino secundario, de conformidade coa normativa básica establecida polo Real decreto 800/2022, do 4 de outubro.

Para estes efectos na base oitava desta convocatoria pública establécese que o órgano de instrución será unha Comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base novena regúlanse as funcións deste órgano de instrución.

Posteriormente a dita comisión, de conformidade coa base décima, ditou a resolución do 11 de xuño de 2024 na que se declaraba deserta a convocatoria trimestral comprendida no período dende o 21 de febreiro de 2024 ata o 20 de maio de 2024.

A súa vez, a base décimo primeira establece que a Comisión, logo de revisadas as reclamacións contra a resolución que declara con carácter provisional as persoas aspirantes admitidas e excluídas, de conformidade co establecido na base décima, a Comisión ditará unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas que se propoñen para ser integradas no corpo de profesorado de ensino secundario e das persoas excluídas, que se publicará no portal da internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,





[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) con respecto ás solicitudes formuladas, no marco do procedemento ED021A, no período que abrangue dende o 21 de febreiro de 2024 ata o 20 de maio de 2024.

De conformidade coas ditas bases, a Comisión como órgano de instrución do procedemento de integración do persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesorado técnico de formación profesional, no corpo de profesorado de ensino secundario,

### RESOLVE

Elevar a definitiva a resolución provisional publicada o 12 de xuño de 2024, declarando deserta esta convocatoria trimestral, por non reunir ningún dos aspirantes os requisitos e as condicións establecidas na citada orde.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión

José Carlos Barros Pardo

